

## CIRCULAR INTERPRETATIVA

N/REF: CI/001/2022  
DATA: 13 de outubro 2022

ASUNTO: Criterio interpretativo sobre diversas cuestións da RESOLUCIÓN do 29 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2022, en réxime de concorrencia non competitiva, as subvencións para a realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais, financiadas ao 100 % no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19 (códigos de procedemento MR502B, MR502D, MR502F e MR502G).

### Antecedentes

O presente criterio adoptase á vista das dúbidas xurdidas que están chegando á Axencia Galega da Industria Forestal en relación coa Resolución do 29 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2022 as subvencións para a realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais.

### Marco legal

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no seu artigo 30.1.f), atribúe aos directores xerais a función de *"ditar ou propoñer á persoa titular da consellería, segundo proceda, as resolucións en materia da competencia do seu centro directivo"*.

O artigo 16.3.h) dos Estatutos da Axencia Galega da Industria Forestal aprobados por Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, contempla como función do director da Axencia *"ditar, impulsar, coordinar e inspeccionar as áreas, os servizos e as unidades adscritas á Axencia e ditar as instrucións e circulares relativas ao seu funcionamento"*.

Na súa virtude, esta Dirección adopta os seguintes



## Criterios Interpretativos

### Uso sanitario-asistencial

- I. No anexo XVI da Resolución que nos ocupa, defínese o uso socio-sanitario como **"aquele que comprende as instalacións e servizos sanitarios, de asistencia ou benestar social"**.
- II. A Lei 16/2003, do 28 de maio, de Cohesión e Calidade do Sistema nacional de Saúde, no seu artigo 14 establece que a atención socio-sanitaria *"comprende o conxunto de coidados destinados a aqueles enfermos, xeralmente crónicos, que polos seus especiais características poden beneficiarse da actuación simultánea e sinérxica dos servizos sanitarios e sociais, para aumentar a súa autonomía, paliar a súa reinserción ou sufrimento e facilitar a súa reinserción social"*.
- III. O termo socio-sanitario ven utilizándose dende hai tempo moi frecuentemente, e non sempre co mesmo significado, por tanto trátase dunha realidade que non é nidia, nin na súa definición, nin os comportamentos que se manteñen ante o mesmo.

Tendo en conta o disposto no artigo 14 da mencionada Lei 16/2003 do 28 de maio, de Cohesión e Calidade do Sistema nacional de Saúde, e disposicións concordantes podemos chegar á conclusión de que a continuidade do servizo será garantida polos servizos sanitarios e sociais a través da axeitada coordinación entre as administracións públicas correspondentes.

- IV. A definición dada polo anexo XVI do uso sanitario-asistencial non resulta incompatible co uso socio-sanitario, dado que, contempla as instalacións e servizos sanitarios, de asistencia ou benestar social.

O apartado de asistencia ou benestar social é o suficientemente amplo para poder darlle o significado de actividades que pretenden cubrir as necesidades sociais e sanitarias da cidadanía.

A interpretación contraria, de excluír, destas axudas o uso socio-sanitario, conduciría a atender que as demandas de hospitais, centros de saúde, puntos de atención continuada, dispensarios médicos, e demais instalacións en que se presta asistencia sanitaria, poderían acollerse ás mesmas, mentres que quedarían excluídas, as instalacións en que se prestan axuda ás persoas maiores, discapacitadas ou as persoas con calquera tipo de dependencia.

A definición do termo utilizado nesta Resolución de uso sanitario, non pode ter un carácter restritivo, senón máis ben ao contrario, dándolle o sentido máis





flexible, xa que o espírito e finalidade destas axudas é o fomento do uso da madeira local nas reformas, rehabilitacións e novas construcións..

- V. Á vista do anterior, a aplicación do anexo XVI en canto a definición do uso sanitario-asistencial, debe comprender todas aquelas actividades de xestión da atención socio-sanitaria así como todas aquelas actividades que desenvolvan as entidades rexistradas no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais sexa cal for a súa categoría (comunidade, discapacidade, familia, igualdade, inclusión, infancia, maiores ou menores).

Finalidade estrutural ou como sistemas de compartimentación, envolvente ou acabados

- I. Esta convocatoria de axudas ten un cerne que se basea no impulso da madeira como elemento estrutural, así se establece no seu propio título, este feito é de grande relevo, toda vez que a elixibilidade das actuacións estará en función do devandito criterio.
- II. Deste xeito, estas subvencións están dirixidas á nova construción, rehabilitación ou reforma de edificacións, naves e establecementos de negocio que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais e sempre que, cando menos, o 20 % do orzamento de execución material do proxecto corresponda a produtos de madeira ou derivados da madeira. Estes serán utilizados cunha finalidade estrutural ou como sistemas de compartimentación, envolvente ou acabados. Exclúese para este cómputo o uso da madeira nas carpintarías, pavimentos e acabados interiores.
- III. Sendo así, primeiramente debe terse en consideración que a xustificación de pagamento deberá incorporar unha certificación da persoa proxectista na que, tomando como punto de partida o orzamento de execución material do proxecto, o sumatorio dos custos correspondentes aos produtos de madeira ou derivados da madeira e a súa colocación con finalidade estrutural, dos sistemas de compartimentación, envolvente e acabados excluindo os das carpintarías interiores, pavimentos interiores e acabados interiores deberán supor, cando menos, o 20%. Dita certificación incluírá unha relación das correspondentes unidades de obra (con detalle de medición e prezo unitario) agrupadas por capítulos.
- IV. Doutra banda, o artigo 3 referido aos requisitos das actuacións subvencionables, establece na súa liña 2 (MR502F e MR502G) destinada as axudas á utilización de produtos de madeira, que nas obras obxecto de subvención, o sumatorio dos custos correspondentes aos produtos de madeira ou derivados da madeira e a súa colocación con finalidade estrutural dos sistemas de compartimentación,



envolvente e acabados excluindo os das carpintarías interiores, pavimentos interiores e acabados interiores suporá cando menos o 20 % dos custos de execución do proxecto.

- V. Sendo así, débese interpretar ao abeiro de dito artigo, o artigo 5 dedicado ao importe das axudas, cando sinala para a dita liña 2 unha rampla de importes máximos de axuda en función da porcentaxe (20%, 30% ou 40%) que supón no orzamento de execución material da edificación os produtos de madeira ou derivados da madeira con finalidade estrutural e a súa colocación.
- VI. Para que dita porcentaxe manteña o criterio técnico en toda a convocatoria, esta porcentaxe con finalidade estrutural establecida no artigo 5 incorpora os sistemas de compartimentación, envolvente e acabados excluindo os das carpintarías interiores, pavimentos interiores e acabados interiores.

Santiago de Compostela, na data que figura na sinatura dixital

O director da Axencia Galega da Industria Forestal

Jacobo Aboal Viñas

